

## EXCMO. CONCELLO DE LUGO

### ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 19 de agosto de 2009, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para A CONTRATACIÓN DUN CONCERTO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE SACRIFICIO DE GANDO NO CONCELLO DE LUGO.

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

#### **1.- Entidade adxudicadora.**

**a) Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

**b) Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

#### **2.- Obxecto do contrato.**

**a) Descrición do obxecto:** É obxecto do presente contrato o concerto do servizo municipal de matadoiro no Concello de Lugo, segundo as prescripcíons técnicas elaboradas pola mercantil INDUTEC, S.A. para o Concello.

**b) Prazo de execución:** Será de DEZ ANOS contados a partires da acta de inicio da prestación do servizo, que deberá ser aninada nun prazo máximo de UN MES dende a formalización do contrato administrativo. O contrato poderá ser obxecto de prórroga por períodos máximos de UN ANO, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de VINTE ANOS.

#### **3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.**

**a) Tramitación:** ordinaria

**b) Procedimientto:** aberto

#### **4.- Tipo de licitación.**

A retribución do contratistas consistirá únicamente na recadación obtida dos usuarios pola prestación do servizo, aplicando as tarifas ofertadas polo adxudicatario e aprobadas polo Concello de Lugo. Para a revisión de prezos ver clausula cuarta do prego de clausulas

administrativas.

**5.- Obtención de documentación e información.**

- a) Entidade:** Concello de Lugo, Servicio de Contratación e Patrimonio
- b) Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.
- c) Localidade e c.p.:** Lugo, 27002
- d) Teléfonos:** (982) 29-71-45, 29-73-27
- e) Telefax:** (982) 29-72-59.
- f) Dirección internet:** [www.lugo.es](http://www.lugo.es) ( Zona de servicios: pertil do contratante)
- g) Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

**6.- Requisitos específicos do contratista.**

- a) Outros requisitos:** Os sinalados no prego de condicións

**7.- 5.- Garantías:**

- a) Provisional:** 12.000 €
- b) Definitiva:** 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

**8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.**

- a) Data límite de presentación:** 15 días naturais contados a partir da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.
- b) Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de condicións.
- c) Lugar de presentación:**
  - 1ª Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares legalmente establecidos.
  - 2ª Domicilio:** Ronda da Muralla, 197
  - 3ª Localidade e c.p.:** Lugo, 27002
- d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso):** 2 meses.

**9.- Apertura das ofertas.**

- a) Entidade:** Centro de Servicios Municipales
- b) Domicilio:** Ronda Muralla 197- 3ª planta
- c) Localidade:** Lugo

**CONTRATACIÓN E PATRIMONIO**

MLA/rdi

Ref<sup>a</sup>: MATADORIO

Asunto: anuncio-

**d) Data:** ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

**10.- Outras informacións:** As que se recollen no prego de condicións.

**11.- Gastos dos anuncios:** 146,38 euros que serán por conta do contratista adxudicatario.

Lugo, 9 de xaneiro de 2009

O ALCALDE,

P.D. O TENENTE ALCALDE DELEGADO DA AREA EN  
FUNCIONES

Asdo.: José Rábade Arias